

A mestura que se fai entre o histórico e o novelado é, simplemente, maxistral (Cee, 12-8-2013)

Para quen lles fala é unha gran satisfacción persoal poder presentar a unha das persoas, seguramente á que máis, “atesoura”, e nunca mellor dito, o saber histórico, artístico e cultural das Terras de Soneira e de Nemancos. Todo este saber e coñecemento é froito dun intenso labor investigador desde hai máis de 30 anos que agora queda plasmado nunha novela que ten como punto de partida o remate de *A illa do Tesouro* de Robert Louis Stevenson, o grande referente en novela de aventuras para tódolos tempos, con piratas, tesouros, acción, liortas, etc, coa que grandes e pequenos temos gozado nalgún momento da nosa vida. Desde o **punto de vista histórico**, o que eu quero destacar é que Xosé María Lema, ademais de escribir un libro de aventuras, fai un **minucioso traballo de recreación histórica, xeográfica e social**, algo que só podería facer alguén cuns exhaustivos coñecementos da súa realidade. En *Costa do Solpor* atoparemos a **realidade** da Costa da Morte no século XVIII, en todos os aspectos (histórico, socioeconómico, lingüístico, costumista, místico, etc ...). A mestura que fai entre **o histórico e o novelado**, na miña opinión, é, simplemente, **maxistral**.

Amosa ó lector o mundo da nosa comarca

Na novela atoparemos referencias a Fisterra ou “Estrela Escura”, como era coñecida xa na Idade Media, Corcubión, Çe, ou a Casa do Camiño en Vilar de Toba, entre outros moitos lugares ben coñecidos, e que desde logo, son un incentivo máis para invitarvos á lectura desta magnífica obra de lectura agradable e enfeitizadora, xa que nos atrapa e somerxe na historia capítulo tras capítulo.

Os protagonistas, Jim, Chavián e dona Mariña, van **amosando ó lector o mundo do XVIII na nosa comarca**: as diferenzas de clases sociais, o mundo nas vilas, os costumes e a idiosincrasia da xente da costa en particular e do pobo galego en xeral (en contraposición co mundo británico), a relixión, os mitos, o achego das ideas reformistas a través do pai de Mariña e das ideas do cura Posse (1766-1854), habilmente introducido na narración a pesar do seu anacronismo (naceu cinco anos despois dos feitos que se narran na novela (1761).

Defensa da lingua e da nosa fala [comarcá]

Outro aspecto no que se debe incidir, é máis aínda nunha presentación dun libro nunha Feira como esta, é a **defensa da lingua e tamén da nosa fala**, distinguindo zonas como un tesouro que nos diferencia e do que deberíamos sentirnos orgullosos (por exemplo entre a fala de Fisterra no momento de precisar axuda para reparar a goleta e a fala da zona de Camariñas, a través dos diálogos con Andrea, a nai de Chavián). Pois ben, *Costa do Solpor* non defrauda neste senso aínda que o certo é que non poderíamos esperar menos de Xosé María Lema, que leva toda a súa vida facendo da defensa da nosa lingua un dos seus sinais de identidade, como se pode comprobar non só de palabra senón tamén nas súas obras.

Para os que coñecemos o infatigable traballo investigador de Xosé María Lema atopamos neste libro moitas cousas que coñecemos froito de traballos seus anteriores, por eso considero que con esta novela **culmina toda a súa traxectoria como historiador**, retomando datos desde os seus traballos de xuventude ata os máis recentes, aínda que sexa curiosamente na súa primeira incursión no mundo literario.

Costa do Solpor é algo máis ca unha novela, é **un rigoroso traballo** que permite ó lector **achegarse á nosa historia, a nosa fala, á nosa cultura**, e, ademais, dunha maneira moi amena. Penso que esta novela fará máis pola divulgación entre as novas xeracións do noso patrimonio lingüístico e histórico cá moitos manuais e libros especializados. Mesmo me atrevería a aventurar que a calidade da obra merecería unha **adaptación cinematográfica** digna das grandes superproduccións as que estamos acostumados nos nosos días.

[Texto lido na presentación da Feira do Libro de Cee;

Víctor M. Castiñeira, historiador e técnico de Cultura do Concello de Cee, é quizais o mellor coñecedor da historia das comarcas da Costa da Morte nos Séculos Escuros]